

Híbridos, sucedáneos & demais inconveniencias.
(nós, as inadaptadas), de María do Cebreiro

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2002]). “Híbridos, sucedáneos & demais inconveniencias. *(nós, as inadaptadas)*, de María do Cebreiro”. *Festa da Palavra Silenciada*: 17, 86. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/75>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2002). “Híbridos, sucedáneos & demais inconveniencias. *(nós, as inadaptadas)*, de María do Cebreiro”. *Festa da Palavra Silenciada*: 17, 86.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

HÍBRIDOS, SUCEDÁNEOS & DEMAIS INCONVENIENCIAS. (NÓS, AS INADAPTADAS), DE MARÍA DO CEBREIRO

Iria Sobrino Freire

As sereas escolarizadas xa non cantan: escriben. Deconstrúen o verso ó dictado dos seus mitos pagáns (amor, psique). Contra os príncipes. Contra as princesiñas sen escamas. Desde o máis marcado de todos os xéneros posibles.

O poema nace da disconformidade, da imposibilidade de ser como manda o Deus Maiúsculo ou a Madre Superiora Natureza. Daquelas unións asimétricas (hybris) viñeron estes suxeitos plurais (híbridos), contrarios ás leis da euxenesia. As sereas sábense indecorosas, eivadas desde o nacemento para a vida en sociedade. E os programas de reinserción que poñen en marcha as monarquías parlamentarias non fan máis que acentuar as diferencias, subliñar as cifras da “normalidade”.

Neste estado de cousas, o discurso percorre en tres tramos (“Os síntomas”, “O diagnóstico” e a “A terapia”) o camiño que separa aquela clarividencia primeira, que abisma temerariamente as almas, da lucidez repousada e algo triste de quen contempla a propia dor gardando a distancia de seguridade. E, polo medio, a exploración dos límites do mundo, o espacio no que se dilúen as nocións de *dentro* e *fóra*: das entrañas do poema emerxen troias, exterioridades violentas; sen solución de continuidade, atravesan a peneira do eu, adoptan a forma precisa da súa rede conceptual e emocional, apuntan ó norte da súa cartografía íntima. Sen dereito nin revés, Moebius mediante.

A inadaptación é aquí o punto de partida (biolóxico, involuntario) pero tamén o punto de chegada (ideolóxico, voluntario). Despois da caída que sucede á toma de conciencia, o ascenso conduce a ese mesmo lugar desafecto do comezo. Sen embargo, desta volta a incomodidade asúmese como escolla persoal e transfórmase nun acto de resistencia contra a dubidosa lóxica da Historia.

E deste xeito elas, as inadaptadas, fan bandeira da impureza, do sucedáneo, da diglosia, do travestimento e de todo tipo de inconveniencias, salferidas de ironía, de xogo, de crítica. Porque a realidade é complexa e contradictoria e o poema non aspira a simplificala nin a sublimala.